

[Encontro Sector Cultura da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP]

Programa Fomento do Cooperativismo en Sectores Estratéxicos 2023

DATA REALIZACIÓN	Terza feira / Martes 26 de Setembro de 2023	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	16:00 – 18:00 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Cidade da Cultura de Galicia Monte Gaiás s/n 15707 Santiago de Compostela		
PERSONA DE CONTACTO	Ramón Carmelo Rodríguez Padín Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop	TELÉFONO	687 324 784
		E-MAIL	ramon@espazo.coop

FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Presentar o Programa de Fomento do Cooperativismo en Sectores Estratéxicos - Edición 2023 de ESPAZOCOOP
- divulgar as potencialidades do cooperativismo e a economía social e solidaria para o sector de cultura.
- identificar, definir e atender oportunidades no sector de cultura e actividades concretas para o impulso do cooperativismo en dito sector
- Divulgar boas prácticas de cooperativas no sector de cultura.

PROGRAMA - CONTIDOS

- 16.00 h. - Benvida e presentación das persoas participantes.
- 16:10 h.- Presentación do Programa de Fomento do Cooperativismo en Sectores Estratéxicos – Edición 2023.
- 16:20 h.- Dinámica de traballo de identificación das particularidades, fortalezas e oportunidades da fórmula cooperativa e outras da economía social, vinculandoas coa situación do sector da cultura
- 17:20 h.- Presentación de boas prácticas de cooperativas no sector da cultura
- 17: 50 h.- Conclusións e Avaliación do Encontro.

METODOLOXÍA

O Encontro desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

Neste Encontro abrirase un espazo para formular preguntas e intercambio de comentarios e tirar conclusións sobre a situación do cooperativismo de cultura, que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do Programa.

Dinamizará o Encontro a equipa técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

DIRIXIDO A

- De forma preferente :
- Persoas e entidades vinculadas ao sector de cultura.
 - Persoas e entidades prescritoras de procesos de emprendemento empresarial no ámbito socioeconómico e comunitario.
- Persoas e entidades vinculadas a grupos promotores de proxectos en cooperativa ou outras fórmulas de economía social.

Esta actividade enmárcase na Programación 2023 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social do Goberno de España.